



A esquerda, o buque Sarmiento de Gamboa anclado no porto de Vigo antes de saír a realizar a segunda parte da misión. Á dereita, parte da tripulación traballando na investigación.

VICENTE

Éxitosa primeira fase da misión ó "Gran Burato"

O buque Sarmiento de Gamboa atracou o martes no Porto de Vigo e volveu a zarpar para levar a cabo a segunda parte da investigación de xacementos de gas

REDACCIÓN VIGO
universitasad@atlantico.net

Tras navegar polas augas das costas galegas buscando posibles xacementos de gas durante nove días sen demora, o pasado martes volveu a Vigo o buque Sarmiento de Gamboa. A misión do "Gran Burato" sitúase concretamente a 140 quilómetros da costa galega sobre un cráter submarino de meirante tamaño onde os investigadores basculan a posibilidade de encontrar indicios de un recurso enerxético fósil.

"A misión está sendo un éxito xa

que poidemos recoller mostras de calidade na primeira fase", afirmaron tras embarcar en Vigo os tripulantes do navío. A escala no porto foi moi breve e serviu para substituír os equipos sísmicos polos de mostra.

Onte pola noite partiron de novo hacia ó burato para realizar a segunda parte da misión na búsqueda de outro tipo de mostras no fondo mariño con material adecuado como un pistón que ten a facultade de obter ata 10 metros de columna sedimentaria do que se espera conseguir máis mostras sempre que o

NA PRIMEIRA FASE
TIVERON DOUS DÍAS
DE MAL TEMPO E
NA SEGUNDA PODE
COMPLICARSE A
SITUACIÓN O SÁBADO E
O DOMINGO

seu traballo non se vexa dificultado polas malas condicións climatolóxicas que lles agardan nos próximos días, ata o dous de novembro data na que rematará a travesía do Sarmiento de Gamboa.

Os tripulantes aseguraron que os primeiros días da campaña foron moi complicados por mor do tempo. "Tivemos moitas dificultades para desplegar os equipos de adquisición debido ás adversas condicións climatológicas. A pesar da situación anticiclónica, as condicións dominantes da mar foron de marexada, afortunadamente a gran profesiona-

lidade e experiencia da tripulación e dos técnicos da UTM garantizaron que as manobras se fixeran co mínimo risco", asegurou Daniel Rey, o xefe científico do proxecto, que recordou que o informe da campaña cós detalles técnicos e o inventario do recollido entregarase de maneira inmediata estará rematado no mes de decembro e a chegada do próximo ano esperan contar coas primeiras conclusións".

ANÉCDOTAS A BORDO

A tripulación destacou varios acontecementos que lles fixeron máis agradable a vida no barco durante os nove días que durou a primeira parte da investigación. Daniel Rey afirmaba que "foi unha coincidencia que dous membros da investigación cumpriran anos a bordo". Por outra banda, chamoulles moito a atención o avistamento de gran cantidade de baleas ó longo da travesía. "Non é normal ver tantas baleas por esa zona, a primeira vista parece que aumentou a poboación, quizais pola moratoria á caza de baleas que firmou España", explicou o capitán do barco, David Domínguez Aniño.

HOXE EN

Universitas

PROXECTO

Hiltoff, o mimo polifacético, sacoulle un sorriso á Universidade

UNIVERSIDADE

La multifuncional Facultad de Ciencias del Mar

TELEVISIÓN

A premiada investigadora Mónica Carrera volveu a casa

DEPORTE

Éxito rotundo na primeira Ruta Cultural, As Termas